



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Municipio: Poio e unha franxa nororiental en Pontevedra. Parroquias: San Roque de Combarro, San Xoán de Poio e unha pequena área ao sueste en San Salvador de Poio; mentres que San Pedro de Campañó é a pertencente a Pontevedra. Extensión: 12,86km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

O estuario de Combarro presenta unha fachada costeira baixa composta por chaira intermareal con depósitos areoso-lamacentos e áreas de marisma resultado da dinámica sedimentaria fluvio-mariña. O contacto coa vertente prodúcese a través de sectores de praia e microacantilados pero tamén de tramos de costa totalmente modificados polas obras portuarias e equipamentos urbanos como queda patente no núcleo de Combarro ou na área deportiva de Poio. A vertente continental esténdese por un amplo val asucado por pequenas correntes fluviais como os regatos de Regueira Alta, do Mouro e da Cancela, que configuran un relevo de perfil regular e pendente suave inicialmente e moderada a medida que se achega ao macizo granítico da súa cabeceira onde debuxa unha paisaxe ondulada.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade presenta unha gran complexidade litolóxica. A capa basal componse de granitos de feldespato alcalino, que son as rocas máis antigas da unidade. Sobre elas dispóñense distintos tipos de rochas metamórficas: ao oeste xistos, lousas e paragneises do complexo de Cabo Home – A Lanzada; mentres que ao leste e sueste da unidade os gneises glandulares forman a maior parte do substrato. En canto ao Cuaternario, destacan especialmente os depósitos marismais da área esteira, na desembocadura dos principais cursos fluviais, a partir dos cales, ademais, desenvólvense depósitos aluviais de fondo de valgada, que coexisten con bandas de materiais coluviais, restos do desmantelamento dos relevos circundantes. Deste último tipo de depósitos aparecen dous exemplos: un ao suroeste, nas inmediacións do estuario, e outra cara ao nordés, no interior.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido. Recóllense entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada media ao ano. As temperaturas en xeral son suaves con valores medios por encima de 14°C e unha oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C. Na vertente meridional do Monte Castrove e así como o cume do Monte Tombo ao leste, chéganse a acumular entre 1400mm e 1600mm a 1 ano, polo que forman enclaves de ambiente Cálido e Moi Húmido.

OS SOLOS

Chans costeiros entre o núcleo de Combarro e o fondo de estuario, formados polos procesos de sedimentación fluvio-mariña: destacan especialmente os areosos e os fluvisóis sálicos e tíonicos. Pola súa banda os antrosóis sitúanse principalmente ao redor dos núcleos de poboación da franxa costeira. Cara ao interior, na vertente, obsérvase a secuencia edáfica característica en relación coa topografía de maneira que na parte baixa aparecen os chans máis evolucionados do tipo cambisol dístrico que soportan as actividades agrícolas intensivas. A media ladeira desenvólvense os umbrisois e no extremo leste da unidade, no monte de Montecelo, os chans máis pobres e de escaso espesor do tipo regosol.


AS AUGAS

A confluencia de varios arrosios na enseada de Combarro, nas Augas Costeiras 20154 da Ría de Pontevedra, da lugar á formación dunha ampla superficie intermareal na que abundan achegas sedimentarias fluviais. Ao oeste, nas praias do Padrón e da Pirela, chegan respectivamente, os regatos do Esperón e do Pereiro. Entre a Punta da Pinela e o fondo da enseada chegan as canles que transportan maiores caudais, de aí o mencionado complexo sedimentario fluvial. De oeste a leste poden citarse como principais os regatos de Regueira Alta, do Mouro e da Cancela, co arroyo de Vilariño como afluente máis destacado pola dereita. A masa de Augas Costeiras da Ría de Pontevedra, no límite coas de Transición, identifícase co código 20154.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa de estuario con fronte moi antropizado. Destaca a presenza de extensas superficies intermareais e submareais someiras, areosas e lamacentas (hábitats 1110 e 1140). En Lubiáns, aparece un pequeno sector de marismas moi deterioradas (grupo 13). Ao interior atopámonos cunha composición típica das Rías Baixas, cunha forte presión humana, co que non existen áreas naturais. Os propios bosques de ribeira (91E0), as masas dos ríos Esperón, do Pereiro, do Mouro e da Cancela, atópanse contaminadas por especies que non son propias deses hábitats, dando lugar a masas mixtas. Se son moi numerosas as agrupacións de recolonización, pois as actividades agrícolas dominan na unidade e dende os límites vexetados das propiedades progresaron pequenas masas, tamén mixtas e con especies de todo tipo. Nas cimas, o dominio forestal de repoboación das ladeiras da paso a algúns sectores de breixera seca europea (4030) e de pendentes rochosas con vexetación casmofítica (grupo 82) no Monte Castrove.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Nesta unidade conviven os usos agrícola e residencial. A fronte costeira con maior grao de ocupación acolle diversos equipamentos e dotacións que dan funcionalidade aos asentamentos da parroquia de San Xoán de Poio. Cabe destacar neste sector, o enclave do mosteiro de Poio, a casa consistorial e a rede de naves e equipamentos da industria conserveira na Seca. Esta industria está vinculada á importante explotación marisqueira que se desenvolve na zona. Na unidade sobresaee o núcleo de Combarro como un destacado conxunto histórico artístico. A súa tradición mariñeira e a súa arquitectura popular conviven cun porto deportivo de recente construción. Finalmente, sinalar que o fondo escénico, nas cotas máis elevadas está tapizado por unha masa arbórea.

MORFOLOXÍA

Combarro, como núcleo de identidade do litoral, constitúe un singular conxunto representativo da arquitectura popular galega cun excelente nivel de conservación que permitiu a súa declaración como Conxunto de Interese Artístico en 1.972. O resto dos núcleos tradicionais que conforman a unidade comparten o territorio con asentamentos espontáneos que se cinguían á rede viaria de forma lineal, nos que predomina a vivenda unifamiliar illada. Os maiores volumes edificados localízanse na periferia de Combarro e entre os núcleos de Casal e Casalvito nas marxes da estrada PO-308.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A PO-308 é a estrada principal, que actúa como eixo vertebrador das actividades socioeconómicas que se desenvolven entre as poboacións da ría de Pontevedra, a rede viaria local (destacan a PO-0602, 0603, 0604 e 0606) acolle os numerosos asentamentos das parroquias de San Xoán de Poio. A construción da vía VRG-4.8 actúa como canalizadora do tráfico rodado proveniente doutras poboacións. Numerosos camiños rurais e pistas forestais estruturan tanto o parcelario como a superficie arbórea. A ría de Pontevedra é apta para a navegación con embarcacións recreativas, o porto deportivo de Combarro en servizo dende febreiro de 2008, ofrece instalacións náuticas e comerciais e conta con 334 prazas de amarre en pantalán.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O conxunto histórico artístico de Combarro declarado Ben de Interese Cultural (BIC) representa un foco de atracción turística na ría de Pontevedra. A súa zona vella, nun bo estado de conservación presenta unha estrutura urbana que data do século XVIII. Os elementos máis xenuínos do conxunto represéntano os trinta hórreos de cantería erixidos sobre os afloramentos graníticos. É necesario citar tamén os seis cruceiros repartidos polo casco histórico e os elementos da arquitectura relixiosa como a capela de San Martiño, a do cemiterio de San Xoán en Convento e, por suposto, o conxunto do mosteiro beneditino de Poio tamén declarado BIC. No núcleo do Casal existen elementos da arquitectura civil como o pazo do Casal e a casa de Graña ou de Romal e outras casas como a de Cea Naharro en Sartal. No patrimonio arqueolóxico destacan as mámoas e petróglifos de Liñares, A Caeira (BIC), Campañó e Xuviño, así como a Necrópole medieval de San Martiño e o castro do Pereiro.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta paisaxe caracterízase por unha intensa antropización, seguindo un modelo territorial ao redor da rede viaria cun ordenamento pouco lexible. A estratéxica localización desta unidade no eixo socioeconómico que se vertebra a partir da vía de comunicación principal entre Pontevedra e O Grove, e a importancia de Combarro como centro turístico e núcleo de identidade litoral, veñen favorecidas pola proximidade de dous importantes núcleos nesta marxe da ría como Pontevedra e Sanxenxo. Sinalar por último a importancia do marisqueo na zona sobre as extensas superficies intermareais e submareais someiras, areosas e lamacentas.

DINÁMICA DA PAISAXE

O crecemento dos asentamentos da parroquia de San Xoán viuse favorecido polo desenvolvemento socioeconómico que experimentaron as poboacións situadas ao redor do eixo que forma a estrada que comunica Pontevedra co Grove. En xeral a mellora das infraestruturas viarias como a construción da vía VRG-4.8 e a súa situación entre dous núcleos como Pontevedra e Sanxenxo contribuíron a este desenvolvemento. O turismo transformou a actividade da poboación de Combarro de tradición mariñeira, sendo o núcleo que presenta maior crecemento en volume e compactidade. Apréciase un progresivo abandono do chan agrícola a favor do uso residencial e un incremento da masa arbórea nas ladeiras montañosas, abrigo onde a fisiografía do relevo dificulta outros usos.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A conca visual que forma o estuario de Combarro sobre unha fachada costeira baixa, permite gozar de diversas panorámicas da ría e o seu fondo escénico montañoso. O val central e as zonas de relevo máis laxo acollen os numerosos asentamentos que dotan de profundidade á paisaxe. Combarro é a poboación máis da unidade, considerada como un núcleo de identidade do litoral pola súa arquitectura singular e o seu bo estado de conservación, sendo habitual contemplar na súa enseada a estampa típica dos mariscadores traballando nas baixadas de marea. Destaca o abundante patrimonio cultural e arqueolóxico da unidade e, dende o punto de vista ecolóxico, os fondos areosos da enseada de Combarro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:21.428

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



